


## ENTREVISTAS

### ENTREVISTA A ERNESTO E. CALO, SECRETARIO DA AELG



(A título de limiar:

Baixamos a reciclar cousas vellas e pesadas do que xuntara en vida o meu sogro na aldea. Xa noite pecha pero nada de frío polas rúas. Logo decidimos dar un paseo ata as bandeiras, alí onde o mar lambe as centenarias pedras do Caramanchón –outros din a Coiraza-, alí onde unhas ondas brancas de material sintético recordan os heroes galegos sacrificados no altar do Orzán en noite de invernia por quererlle salvar a vida a aquela criatura na flor da mocidade... Nótase que vivimos días en memoria dos que se foron... Camiñabamos alumeados polos dous faros tan distintos: o que dera nome á amada cidade, faro brigantino, e a lúa en plenitude, vestida de nubes de quita e pon, lúa xogando ao tulé. Unha beleza esta noite de augas quedas e de chuvia tan desexada. E así relembrei que hoxe é xoves e que vos tiña esquecidos. Mais aquí estamos. Vivos e con gana de comunicarnos. Algo do vivido hai pouco, pensei. Unha xornada particular (*Una giornata particolare*) foi a que pasamos en Lugo o 21 de setembro. Tiven a honra de participar nas X Xornada de Literatura de Tradición Oral que organizaba en Lugo a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e diso falaremos hoxe. A verdade é que foi un sábado moi entretido e enriquecedor. Aprendín moitas cousas (algo vos falarei noutra ocasión) e coñecín xente encantadora. A ver, sen pretender ser exhaustiva, coñecín a Sofía –ex alumna, coma min, do Instituto ‘Eusebio da Guarda’- e ao seu esposo, Ernesto E. Calo –quen exerce de secretario da asociación-, a Isidro Novo –o escritor-, a Antonio Reigosa –o artífice de *Galicia Encantada*-, e a Cesáreo Sánchez –preside actualmente a AELG, bo conversador, falounos con entusiasmo na mesa de Edward Said e insufloume a gana de lerlle unha das súas obras paradigmáticas, *Orientalism*-, entre outras persoas.

O caso é que por razóns digamos técnicas eu con quen máis me comuniquéi polo correo foi con Ernesto e a el me dirixín facéndolle catro preguntúas. Ofrézovos as respostas. Hai moita información, pero que queredes, mellor é que sobre, non que falte).

## ENTREVISTA A ERNESTO E. CALO



(De esquerda a dereita: Antonio Reigosa, o representante da Deputación Provincial de Lugo, Cesáreo Sánchez e Isidro Novo. A Deputación de Lugo presta o espazo, a súa magnífica sé provincial na cidade amurallada e axuda economicamente á AELG. Así fomos convidados a xantar os conferenciantes e así publícanse as Actas, nunha moi coidada edición. Conste aquí o noso humilde agradecemento a esa Deputación, a esa cidade milenaria)

-M<sup>a</sup> R. Soto: Ernesto, estarías disposto a responderme a catro preguntíñas?

-Grazas polo teu interese en saber da AELG. Nunca me fixeran esas preguntas, que tratarei de responder tendo en conta que eu só vivín 11 dos seus 37 anos de existencia. Quen mellor coñece a AELG é Cesáreo Sánchez, o actual presidente, quen sempre estivo pendente da vida interna da AELG, pois fixo parte do seu Consello Directivo, en distintas funcións, desde 1982, como podes ver aquí: <http://www.aelg.gal/consellos-directivos> ). Respondo, si, ás túas preguntas.

**-Podes dicirme quen, cando e como se fundou a AELG?**

-Tes información sobre isto aquí:

<http://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/carlos-casares/paratextos/7428/legalizada-la-asociacion-de-escritores-en-lengua-gallega>

<http://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/carlos-casares/paratextos/7234/constituída-en-santiago-de-compostela-la-asociación-de-escritores-gallegos>

Tamén está estoutro documento interno, con máis información:

### **A xénese da AELG**

A modo de preámbulo, cómpre rescatar do esquecemento a acta da reunión celebrada en Santiago de Compostela o día tres de maio de 1980, no local da Federación de Libreiros de Galicia; naquela primeira toma de contacto, un grupo significativo de persoas vencelladas á creación literaria acordaba iniciar o proceso constitutivo da Asociación de Escritores en Lingua Galega; dado o seu valor testemuñal, consignamos o texto íntegro cos nomes das persoas asistentes á xuntanza, e daquelas outras que enviaron adhesión á mesma:

*“O tres de maio de 1980, reunidos en Compostela Alfredo Conde, Enrique Feixoo, Xoán, X. Fernández Abella, Xoel Gómez, Agustín González López, Paco Martín, Xosé Manuel Martínez Oca, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé María Monterroso, Alfonso Pexegueiro, Francisco Pillado Mayor, Manuel Rivas, Manoel Riveiro Loureiro, Euloxio R. Ruibal, Xoán X. Santamaría Conde, Xavier Seoane, Xoán I. Taibo, Camilo Valdeorras e Xosé Vilas Nogueira, e contando coas adhesións, previas á xuntanza, de Xavier Alcalá, Isaac Alonso Estravís, Xoán Manuel Carreira, Manuel Catoira, Daniel Cortezón, Xavier Costa Clavell, Carlos Durán, Alfonso Gallego, Antonio Gil Hernández, Bernardino Graña, Eduardo Gutiérrez, X. López Arias, Basilio Losada, Manuel Lourenzo, Manuel Miragaia, Uxío Novoneyra, María Xosé Queizán e Siro, acordouse constituír a **Asociación de Escritores en Lingua Galega**, destinada a defender os intereses da práctica escrita en galego.”*

Logo dunha segunda reunión preparatoria, a AELG comeza a súa andaina oficial o 22 de xuño de 1980, no Museo do Pobo Galego, coa aprobación por unanimidade dos seus estatutos, e tamén coa elección da primeira Xunta Directiva, formada por Bernardino Graña (presidente), Carlos Casares (vicepresidente), Alfonso Pexegueiro (secretario) e Xoán Ignacio Taibo, Salvador García-Bodaño, Luís Álvarez Pousa e Paco Martín (vocais).



(Aquí está falando o señor Isidro Novo, con auténtica paixón, propia de quen ama as palabras: o seu tema versa sobre un arquivo de voces, do que el é cofundador, que non figuran nos dicionarios. Un arquivo que medra coas achegas de todas as persoas que lles envían unha, dúas, tres palabriñas... Diso falaremos outro día)

**-Para que se funda?**

-Os obxectivos estatutarios da AELG, que non variaron practicamente desde a súa fundación, son:

Capítulo II: Carácter e fins da AELG:

Art.- 6.- A AELG terá carácter corporativo en canto se constitúe como órgano Superior de representación e defensa dos intereses profesionais e non profesionais do escritor e da escritora en lingua galega. A asociación traballará polo dereito de plena profesionalidade do labor do escritor e pola plena normalización da nosa literatura e o noso idioma.

Art.- 7.- Os fins da AELG son:

7.1 Defender e representar os intereses e dereitos das persoas asociadas empregando para isto a lexislación vixente no ámbito territorial da asociación, no marco de competencias da Xunta de Galiza, do Estado Español e da Unión Europea.

7.2 Traballar a prol da normalización do feito literario e da profesión do escritor en Galiza. Promover medidas conducentes á pervivencia económica do escritor diante de todo tipo de actividade pública, literaria e cultural.

7.3. Crear un vencello de cooperación e de solidariedade entre os escritores e as escritoras galegos.

7.4. Defender e reclamar a normalización plena da lingua galega. Para a consecución deste obxectivo a AELG poderá promover cantas iniciativas estime oportunas ou colaborar con outras entidades públicas ou privadas.

7.5. Participar nos organismos da Administración Pública e nas entidades públicas ou privadas de calquera ámbito en que se debatan cuestións de interese e importancia para as persoas asociadas.

7.6. Fomentar a relación e o achegamento entre todos os escritores do mundo, especialmente da área cultural lusófona.

7.7. Promover o desenvolvemento e a expansión da literatura galega e estimular o coñecemento das nosas letras dentro e fóra do noso país. Para esta fin a AELG poderá establecer as medidas de colaboración oportunas con outras entidades.

7.8. Apoiar as iniciativas organizadas por outras entidades que teñan a ver cos fins que se marca esta asociación.

Art. 8.- A AELG adhírese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, comprometéndose a loitar pola xustiza social e as liberdades individuais, especialmente con respecto aos escritores e escritoras, e as linguas e culturas minorizadas.





### - Ti cres que se lograron os obxectivos, ou?

Ao longo de case 40 anos a AELG pasou por moitas vicisitudes, que permitiron circunstancialmente maior ou menor capacidade de traballo e, por tanto, de conseguir os seus obxectivos. A impresión que teño é que se empezou con moitas ganas pero con moitas dificultades económicas mais, sobre todo, coa necesidade (compartida coa sociedade en xeral) de chegar a determinados consensos que hoxe vemos como obvios mais que daquela pexaban a organización e a vida interna da AELG. E isto até o punto de que houbo que facer unha

15/06/1985 - 08/03/1986

XESTORA PROVISORIA

[Xoaquín Agulla Pizcueta](#)

[Xosé Manuel Beiras](#)

[María do Carme Kruckenberg](#)

para que a AELG non morrese. Neste sentido diría que o feito de non ser propiamente unha asociación cultural de acción directa e local fixo que os debates de fondo tiveran moito protagonismo.

Creo que se traballou, máis ou menos dependendo das circunstancias e da capacidade de traballo dos diversos consellos directivos, en todos os obxectivos estatutarios. Probabelmente onde menos se teña avanzado sexa no asesoramento legal ás persoas asociadas, e isto porque non se chegou a un número de socias-os que permita manter unha estrutura que conte con persoal especializado no ámbito xurídico.

### - Como ves o futuro da asociación?

A AELG segue dependendo moito das achegas de fondos públicos (as cotas de socias-os supoñen apenas o 15% do orzamento) de modo que moitos dos esforzos do Consello Directivo se van en conseguir eses fondos; e dado o nivel de esixencia exasperante que se

está impondo na súa xustificación ante as diversas administracións, tamén supón un esforzo moi grande para a oficina técnica. Quedando menos tempo do debido, por tanto, para organizar actividades de interese para a base social da AELG e para a sociedade á que se debe en xeral. Tamén deixa pouco tempo para as relacións con outros sistemas literarios. Neste sentido, a AELG está demasiado exposta á vontade política de apoiar ou non o sistema literario. A día de hoxe a AELG ten moito máis apoio das Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra que da propia Xunta de Galicia.

A diferenza doutros países, onde as empresas privadas apoian a cultura, en Galicia esta posibilidade está practicamente pechada. Tense intentado desde a AELG, con pouco resultado. En Galicia as empresas financian grandes eventos que reporten beneficios publicitarios, e non entenden que o apoio á cultura propia faga parte da súa responsabilidade social.

Dadas estas circunstancias entendo como acertadas as liñas de traballo do actual Consello Directivo que, ao meu ver, quere focalizar os esforzos nestes ámbitos:

1. Visibilización do sistema literario (web, axenda cultural e redes sociais):

[aelg.gal](http://aelg.gal)

[axendaaelg.blogaliza.org](http://axendaaelg.blogaliza.org)

[facebook.com/aelg.org](https://facebook.com/aelg.org)

[twitter.com/aelg](https://twitter.com/aelg)

e de actividades nas que o importante é o contacto autor-a, lector-a (paseos literarios, obradoiros de creación literaria...), iniciativas que de camiño sirvan

para poñer a nosa parte para a renovación e continuidade dun sistema literario propio. Isto inclúe tamén a sección "O territorio do/a Escritor/a", que permite xunguir a literatura co territorio do que emana.

2. Colaboracións coas Universidades, particularmente coas Facultades de Educación e Filoloxía, para axudar a complementar os currículos con contidos do sistema literario propio.

3. Na literatura de tradición oral xa sabes que tamén traballamos, desde diversos ámbitos, alén das Xornadas de Literatura de Tradición Oral.

4. Creación dunha Sección de Literatura Dramática recentemente.

E isto é o que se me ocorre dicirte. Xa digo, a persoa que mellor coñece a historia da AELG é Cesáreo Sánchez e, se necesitas máis información terías que dirixirte a el.

Quedo ao teu dispor cun ben cordial saúdo,

Ernesto.

(Son eu a que queda obrigada para convosco, Ernesto e demais, pola túa pronta resposta, polo tempo que lle dedicaches ás miñas preguntas, pola cortesía e cordialidade con que nos soubestes tratar).